

BASES:

- 1) **QUEN PODEN PARTICIPAR?** Alumnado do IES Salvaterra de Miño e dos centros adscritos de calquera curso.
- 2) **TEMA:** O tema das fotografías ten que estar relacionado co mundo das matemáticas nas súas múltiples manifestacións (figuras xeométricas, mosaicos, simetrías, estatística, azar, etc.)
- 3) Cada participante poderá presentar un máximo de 3 fotografías.
- 4) **PARTICIPACIÓN e PRESENTACIÓN** A forma de presentación das fotos farase enviando un correo electrónico á dirección: **matessalaterra@gmail.com**. Dito correo debe conter o seguinte:
 - a. Os datos do autor/a (nome e apelidos, curso e centro escolar).
 - b. Un título para a fotografía enviada así como unha breve descrición ou comentario da mesma.
 - c. Un arquivo adxunto que contén a foto, en formato dixital jpg cun tamaño máximo de 5Mb
- 5) **PRAZO** O prazo de presentación é dende o 1 de Febreiro ata o 2 de maio, inclusive.
- 6) **XURADO** Composto polos membros do Departamento de Matemáticas e a Xefa de Departamento de Ed. Plástica e visual.
- 7) Valorarase a orixinalidade e idoneidade do título, a calidade plástica e técnica da imaxe, o seu contido matemático e a explicación dada.
- 8) **PREMIOS** Establécense 3 premios:
 - 1º PREMIO: Un bono para material escolar dunha cuantía de 50€
 - 2º PREMIO: Un bono para material escolar dunha cuantía de 30€
 - 3º PREMIO: Un bono para material escolar dunha cuantía de 20€
- 9) Algún ou todos os premios poderían quedar baleiros se o xurado así o estimara.
- 10) Un mesmo alumno/a non poderá acumular máis dun premio.
- 11) **USO DAS IMAXES:** O Departamento de Matemáticas do IES Salvaterra de Miño resérvase o dereito a empregar as fotografías presentadas para usos didácticos, así como a súa divulgación a través da páxina web do instituto, ou de calquera outro medio que estime oportuno
- 12) **AUTORÍA DAS IMAXES** **As fotografías deben ser orixinais e en ningún caso se aceptarán fotos descargadas de Internet, nin escanadas por ningún tipo de medio gráfico. O Departamento comprobará minuciosamente a autoría de todas as fotos premiadas esixindo ao alumno/a que demostre a autoría da mesma. Non se acepta tampouco, ningún tipo de retoque fotográfico que cambie o contido da mesma.**
- 13) A participación no concurso implica a aceptación das bases expostas.